



Concello de FRADES  
Cimadevila, 10  
15686 – FRADES (A Coruña)  
Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579  
E-mail: correo@frades.gal

# AVISO

## AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Ponse en coñecemento de todos os interesados, que o Concello de Frades convoca unha **axuda para a compra de material escolar**, para alumnos do segundo grao de Educación Infantil (3-5 anos), para o curso académico 2020-2021

Poderán solicitar esta subvención, as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que o estudante este empadroado e teña residencia efectiva no Concello de Frades durante a totalidade do curso lectivo.

- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Frades.

- Cursar estudos de segundo grao de Educación Infantil (3-5 anos)

**Únicamente terán dereito a esta axuda as unidades familiares que teñan unha rede per cápita inferior ó IPREM (neste ano ascende a 564,90 € mensuais)**

Para presentar a solicitude deberán acudir ós Servicios Sociais Municipais coa seguinte documentación:

- Copia dos DNI de todos os membros computables da unidade familiar.

- Copia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

- Resgardo da matrícula do centro no que está a realizar o presente curso escolar.

- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2019 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda.

- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede)

- Certificación acreditativa da situación de familia monoparental (se procede)

***Haberá que xustificar o gasto da axuda concedida con facturas por importe igual ou superior á contía outorgada, co xustificante de pago, antes do 27 de setembro de 2021.***

O prazo para a presentación de solicitudes remata o vindeiro **31 de marzo**.

Para máis información dirixirse ós Servicios Sociais municipais ou no teléfono 981695567.

Frades 9 de marzo de 2021

O ALCALDE



Roberto Rey Martínez